

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**PORRIÑO, O**
**Presupostos e cadros de persoal**

*LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DATA E CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL, DA CELEBRACIÓN DA FASE DE CONCURSO E DA REALIZACIÓN DA 1ª PROBA DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO Á PRAZA DE INSPECTOR DE POLICÍA*

**ANUNCIO**

Por Dna. Eva García de la Torre, Alcaldesa-Presidenta do Concello de O Porriño, ditouse ccn data 26 de marzo de 2019, no expediente Nº. 5021/2018, a Resolución que a continuación se transcribe literalmente:

“No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 48 de data 08 de marzo de 2019, publicouse o anuncio relativo á resolución desta Alcaldía de data 12-02-2019, pola que se aprobou a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos así como a designación do tribunal do proceso selectivo para a provisión de unha (1) praza vacante da plantilla do Concello do Porriño, da categoría de INSPECTOR da escala executiva e integrada na Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, clase Policía Local, do grupo de clasificación profesional A, subgrupo A2, nivel 21, incluída na Modificación da Oferta de Emprego Público do 2016 (DOG nº 78 de 23-04-2018), por promoción interna, mediante concurso-oposición.

Concluído o prazo de 10 días hábiles para poder emendar erros e presentar nova documentación, así como para promover a recusación dos membros do tribunal, esta Alcaldía de conformidade coas bases que rexen o proceso selectivo e no exercicio das súas atribucións,

**RESOLVE:**

PRIMEIRO.—Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as á referida convocatoria:

**Admitidos/as:**


*Apelidos e nome:* RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, DANIEL

*DNI:* 76896\*\*\*A

**Excluídos/as:**

Ninguén.

SEGUNDO.—Manter o tribunal cualificador determinado por resolución desta Alcaldía de data 12-02-2019, composto polos membros seguintes:



Luns, 1 de abril de 2019

Núm. 63

*Presidente:* Francisco Javier Álvarez Ferreira, Inspector Principal da Policía Local de Vigo, sendo o seu suplente Alberto Carballo Acuña, Intendente de la Policía Local de Vigo.

*Secretario:* Eduardo Portela Fernández, Secretario Xeral do Concello de O Porriño, sendo a súa suplente Paula García Jara, Técnico de Administración Xeral do Concello de O Porriño.

*Vocais:*

— Manuel Agustín Reguera Rivero, Inspector da Policía Local de Vigo, sendo o seu suplente José Manuel Vázquez Varela, Inspector da Policía Local de Nigrán.

— Daniel Sánchez Villaverde, Inspector da Policía Local de Arteixo, sendo a súa suplente Cristina Garay Aguirre, Técnica de Persoal e Recursos Humanos, subgrupo A1, do Concello de Arteixo.

— María del Carmen Iglesias Rial, Técnica de Xestión, subgrupo A2, do Concello de Nigrán, sendo a súa suplente Maruxa Cabaleiro Cuíñas, Interventora do Concello de O Porriño.

TERCEIRO.—Convocar aos/as membros do Tribunal para que comparezan na Consistorial do Concello de O Porriño, sita na rúa Antonio Palacios núm. 1:

— O día 05 de abril de 2019, ás 10:00 horas, a fin de que se constituán e se realice a fase de concurso.

— O día 08 de abril de 2019, ás 10:00 horas, para a realización da primeira proba (Test).

CUARTO.—O aspirante deberá presentarse para a realización de cada proba provisto do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas.

QUINTO.—A presente resolución publicarase no BOPPO, no taboleiro de anuncios e de forma complementaria, na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org) e contra a mesma, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse:

A) Recurso potestativo de reposición, perante o órgano administrativo que ditou esta resolución, no prazo de UN MES, contado desde o día seguinte ó da publicación deste decreto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

B) Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte ó da publicación desta resolución no BOPPO, se opta pola impugnación directa ante o orden xurisdiccional contencioso-administrativo, ou desde o día seguinte a aquel en que se publique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

C) Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro que estime procedente.

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: XUESD6CCTWC7293K

